

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CLUBE DEPORTIVO ESCUDERÍA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO PARA A INSTALACIÓN DE MÓDULOS SANITARIOS

### REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Carlos Bouzas Amarelle, presidente do club deportivo Escudería Peña Autocros Arteixo, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os Estatutos de creación da dita entidade deportiva inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**Segundo.** O Clube Deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo é unha organización sen ánimo de lucro, inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, con domicilio na Avda. Manuel Platas Varela (Arteixo) e adicada á promoción do deporte, en particular automobilismo.

O Autocross de Arteixo é unha instalación de referencia no mundo do motor, cunha traxectoria de máis de tres décadas, que conseguiu consolidarse como un dos circuítos máis relevantes nas competicións destacadas do calendario do automobilismo de terra en Galicia e no norte de España. A súa orixe remóntase aos anos 80, froito dunha iniciativa impulsada por clubs automobilísticos locais cun dobre obxectivo: dinamizar o deporte na comarca de Arteixo e promover o uso responsable e sustentable do territorio a través de actividades deportivas ao aire libre.



Na actualidade, o Autocross de Arteixo mantén unha posición de prestixio dentro do panorama deportivo autonómico e estatal, adaptándose ás novas esixencias do sector, tanto a nivel técnico como en termos de experiencia para o espectador. A edición máis recente do evento reuniu a máis de 100 pilotos, abarcando desde categorías amateur ata profesionais consolidados, e atraeu a unha afluencia estimada en máis de 10.000 persoas durante os días de competición.

O Autocross de Arteixo representa unha oportunidade estratéxica de alto valor engadido para o desenvolvemento económico, cultural e territorial tanto a nivel local como rexional, que se manifesta en múltiples dimensións:

-Impacto económico directo e indirecto: Durante os días de celebración, o evento xera un notable incremento na actividade. Esta activación económica beneficia tanto a empresas locais como a provedores rexionais, promovendo a economía circular económica do municipio e da súa contorna.

-Proxección mediática e turística: Este tipo de eventos contribúe a diversificar a oferta turística, atraendo a un público distinto do turismo convencional, interesado en experiencias activas, familiares e sostibles.

-Aporte cultural, social e formativo: o Autocross promove valores fundamentais como o esforzo, a superación persoal, a convivencia interxeracional e o respecto polo contorno.

-Potencial para a atracción de investimento: Grazas á súa capacidade organizativa, infraestrutura xa existente e reputación consolidada, o Autocross atópase nunha posición ideal para converterse nun polo de atracción de investimentos, tanto públicos como privados. Estes investimentos poden destinarse á mellora e expansión das instalacións deportivas, ao deseño de programas de tecnificación e ao desenvolvemento de estratexias de promoción turística e comercial do territorio.

**Terceiro.** O clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a adquisición de módulos sanitarios.

A organización ven realizando investimentos constantes na mellora das instalacións, incorporando zonas de paddock máis amplas e funcionais, ampliando as áreas de seguridade no trazado e facilitando accesos para persoas con mobilidade reducida, o que redundou nunha maior comodidade e seguridade tanto para participantes como para espectadores.

Co obxectivo de consolidar o Autocross de Arteixo como referente nacional e internacional no ámbito do automobilismo de terra, propónse intervencións que buscan non só mellorar as condicións actuais, senón tamén garantir a sustentabilidade, seguridade e vocación formativa do evento mediante a instalación de infraestruturas sostibles.

Neste senso e, en liña cos obxectivos de sustentabilidade da Axenda 2030 e coa finalidade de reducir a pegada ambiental do evento e posicionar o Autocross como exemplo de sustentabilidade dentro do mundo do motor, integranse melloras ambientais que reforcen a responsabilidade ecolóxica dos eventos e melloren a infraestrutura deportiva.



Entre as accións previstas atópase a instalación de módulos de baños de servizo para público e pilotos

**Cuarto.** Por todo o anterior, resulta preciso a instalación de módulos de baños de servizo para público e pilotos.

**Quinto.** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Escudería Peña Autocross Arteixo o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

**Sexto.** A Escudería Peña Autocross manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia para adquisición de módulos sanitarios mediante a concesión dunha subvención por importe de 47.553,00 euros (IVE incluído)

A falta de recursos por parte da escudería para poder acometer as devanditas actuacións, configura un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade de afrontar os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para o clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento do deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunha actuación imprescindible para o normal funcionamento da escudería que lle permita prestar os servizos coa debida eficacia.

A conxuntura descrita, a necesidade urxente de asistencia, manifestada pola entidade deportiva e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a adquisición de infraestruturas sostibles, como son os módulos sanitarios, sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do clube deportivo Escudería Peña Autocros.

**Sétimo.** Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as necesidades da entidade deportiva co fin de que esta poida integrar melloras ambientais que reforen a responsabilidade ecolóxica dos eventos e melloren a infraestrutura deportiva.



**Octavo.** O clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Noveno.** A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0 (CP 2015 00121 Convenios con entidades sen ánimo de lucro) na que existe crédito adecuado e suficiente.

**Décimo.** Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Escudería Peña Autocross Arteixo subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a o clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo para a adquisición de módulos de baños de servizo para público e pilotos.

### **Segunda. Obrigas do clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo**

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo.

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
  - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos



- c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.
  6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  8. Subministrar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
  9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

### Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, e conforme ao orzamento recollido no Anexo I, mediante a achega de **CORENTA E SETE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS (47.553,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0 (CP 2015 00121 Convenios con entidades sen ánimo de lucro) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. Este importe representa o **100% do orzamento total** do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.



2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

#### **Cuarta. Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese a Escudería Peña Autocross Arteixo como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

#### **Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados**

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto incluíndo na rotulación dos módulos de baños de servizo o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

Para isto seguirase o modelo establecido no anexo II deste convenio, sen prexuízo de que a entidade beneficiaria incorpore o seu propio escudo aos módulos de baño.

#### **Sexta. Xustificación e libramento dos fondos**

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 citada.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O representante da entidade acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

A entidade beneficiaria está obrigada a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada

O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao asinar electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.



Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a entidade deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2025.

### **Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención**

1. Producirase a perda do dereito do clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:
  - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
  - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
    - Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión.



- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
  - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

### **Octava. Reintegros**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, ao clube deportivo Escudería Peña Autocrros comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade do pagamento nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

### **Novena. Compatibilidade con outras subvencións**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do vehículo subvencionado.



### **Décima. Modificación do convenio.**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, a través das correspondentes addendas e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

### **Décima primeira Facultades de inspección**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

En concreto, no caso de subvencións superiores a 60.000,00 €, con carácter previo á proposta de pagamento realizarase a comprobación material do investimento, do cal quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por unha persoa representante da Administración e pola persoa representante da entidade beneficiaria. A comprobación material poderá encomendárselle a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, poderase substituír esta comprobación por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

### **Décimo segunda. Seguimento do convenio**

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do clube deportivo Escudería Peña Autocross Arteixo.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
  - Interpretación do convenio



- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

### **Décimo terceira. Causas de resolución**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
  - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
  - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
  - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
  - e) Calquera outra causa prevista nas leis.

### **Décimo cuarta. Vixencia do convenio**

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

### **Décimo quinta. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

### **Décimo sexta. Publicidade do convenio**

1. As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



### **Décimo sétima. Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

### **Décimo octava. Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

Diego Calvo Pouso

O presidente do clube deportivo  
Escudería Peña Autocross Arteixo

Carlos Bouzas Amarelle



### Anexo I. Orzamento do proxecto

Artigo	Prezo
Módulo de 12 WC con lavamáns exterior	17.000,00 €
Módulo de 6WC + 6 duchas independentes	17.800,00 €
Módulo de PMR 2,40x2,40m	4.500,00 €
Subtotal	39.300,00 €
Ive 21,00	8.253,00 €
<b>Total orzamento</b>	<b>47.553,00 €</b>



## Anexo II. Medidas de publicidade

### COLOCACIÓN DO RÓTULO:


- A rotulación colocarse nunha zona visible dos módulos sanitarios.

### CORES:

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

### INSTRUCCIÓN PARA O RÓTULO:

- O emblema do clube deportivo Peña Autocross non serán de tamaño superior ao da Xunta de Galicia.
- O tamaño do rótulo será proporcionado ao tamaño dos módulos

 XUNTA DE GALICIA	LOGOTIPO E NOME DO CLUBE DEPORTIVO ESCUDERÍA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO
INSERIR TEXTO RELATIVO AO SERVIZO AO QUE SE ADSCRIBIRÁN OS MÓDULOS (Opcional)	

